

# RENOVACIÓN 2026 – 2027

**PRAZO: DO 1 de MARZO AO 31 de MARZO DE 2026**

**RENOVACIÓN** (só poden facer a renovación as persoas matriculadas nos servizos durante o curso 2025/2026 que se atopen de alta durante o prazo de renovación).

**POR APLICACIÓN DO NOVO REGULAMENTO É IMPRESCINDIBLE XUSTIFICAR A NECESIDADE DE CONCILIAR PARA OBTENIR A PRAZA EN CALQUERA DOS SERVIZOS E OS/AS SOLICITANTES QUE NECESITEN CONCILIAR POR EMERXENCIA SOCIAL, DEBERÁN APORTAR O INFORME EMITIDO POR OS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO QUE ACREDITE DITA SITUACIÓN**

## **PASO 1. Xerar a solicitude a través de [www.conciliaames.gal](http://www.conciliaames.gal)**

Tamén se poderá realizar este trámite de xeito presencial no Departamento de Educación situado no Pazo da Peregrina en Bertamiráns ou na Oficina Municipal de Milladoiro, para o que deberán solicitar cita previa no teléfono **981 891 476**

## **PASO 2. Liquidar as taxas de renovación da matrícula**

Solicitar na Oficina de Recadación Municipal, no enderezo electrónico [ames@canaltributos.com](mailto:ames@canaltributos.com), o impreso de autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia renovar (12,00 € por servizo e neno/a).

Para facer efectiva a renovación é condición **indispensable o pagamento das taxas.**

**PASO 3. Rexistrar a solicitude** debidamente cuberta e asinada a través de calquera dos rexistros aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **Presentar por rexistro ademais:**

- **documento de identidade vixente** da persoa titular da conta bancaria (só no caso de que non conste no Departamento de Educación).

## - xustificación documental da necesidade de conciliar :

Presentar certificado de empresa, última nómina (febreiro), informe de vida laboral ou último recibo de pago de autónomos

### **¡¡IMPORTANTE!!**

Para que a solicitude teña validez e se tome en consideración debe rexistrarse.

Para considerar asinadas as solicitudes presentadas mediante rexistro telemático, é preciso que os arquivos xerados coas solicitudes conteñan as sinaturas dixitais (as sinaturas manuscritas non son válidas se non veñen acompañadas da sinatura dixital)

## **PASO 4. Comprobar as listaxes de solicitudes admitidas e excluídas**

**Provisionais:** Publicación prevista na 2ª quincena de xuño do 2026, con prazo de emenda de 10 días hábiles en [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal) e en [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal)

**Definitivas:** Publicación prevista na 2ª quincena de xullo do 2026 en [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal) e en [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)

**NOTA:** Por motivos organizativos, os avisos de emenda publicaranse nas propias listaxes e non se emitirán por ningún outro medio.

## **PARA SOLICITAR A BONIFICACIÓN DE TAXAS**

Aquelas persoas que desexen solicitar a bonificación de taxas para o curso 2026-2027, terán que presentar a solicitude cando formalicen a renovación, e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Poderá consultar a documentación necesaria na paxina [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal).

## **INFORMACIÓN:**

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA).

Teléfono: **981 891 476** ou

Correo electrónico: [educacion@concellodeames.gal](mailto:educacion@concellodeames.gal)

### **¡¡IMPORTANTE!!**

AS PERSOAS USUARIAS QUE NON APAREZAN COMO ADMITIDAS NA LISTAXE DEFINITIVA DE RENOVACIÓN, PERDERÁN A PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO E, POR TANTO, NO CASO DE SEGUIR INTERESADAS, DEBERÁN SOLICITAR UNHA NOVA PRESENTANDO UNHA SOLICITUDE DE PRESCRICIÓN E O IMPRESO DE BAREMACIÓN.

NON RENOVAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO E, POR O TANTO, TERASE QUE SOLICITAR DE NOVO A PRESCRICIÓN NO DITO SERVIZO.